



Club de Montañismo "Montañas de Trevinca"

CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Estimada/o asociada/o.

Pola presente, e coa potestade que me outorgan os estatutos no seu artigo 17º, eu D. Antonio Fernández Pena, Presidente do Club de Montañismo "Montañas de Trevinca", lle comunico a convocatoria de Asemblea Xeral Ordinaria de dita asociación deportiva.

Esta asemblea terá lugar en Vilanova de Trevinca, A Veiga (Casa Rural "O Trisquel") o vindeiro **domingo, 17 de marzo ás 19:30 horas** en primeira convocatoria, e media hora despois en **segunda e última convocatoria as 20:00 horas**, quedando nesta validada para celebrarse a asemblea, sexa cal sexa o número de asistentes.

Puntos do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación se procede da memoria e balance económico do exercicio do pasado ano 2023.
3. Aprobación, se procede, do orzamento do presente ano 2024.
4. Memoria das actividades do pasado ano 2023.
5. Programa de actividades do ano en curso.
6. Comunicación do listado de socios/as, altas e baixas.
7. Rogos e preguntas.

En Vilanova de Trevinca, a 19 de febreiro do 2024

Asdo.: Antonio Fernández Pena (Cholo)
Presidente